



## DISPOSICIONES TRANSITORIAS



---

## IX. DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

### **Primeira.-** *Adecuación das entidades públicas instrumentais.*

O disposto nesta lei para as entidades incluídas no apartado cinco da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aplicaráselle as axencias públicas autonómicas que resulten da adaptación das súas normas estatutarias de organización e funcionamento.

### **Segunda.-** *Dotación do fondo de continxencia*

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizarase gradualmente ata o exercicio 2015 para alcanzar o seu importe legal neste último exercicio. Para o ano 2015, a dotación será de 125.238.560 € e, con carácter excepcional, poderá empregarse para financiar os axustes no capítulo I que precise a disposición adicional Décimo sexta desta lei.

### **Terceira.-** *Créditos do Consello Galego da Competencia.*

A efectos de imputación orzamentaria do gasto, os créditos do Consello Galego da Competencia están consignados no Instituto Galego de Consumo.

